



As medianeiras e as fachadas traseiras son parte dos edificios, son a súa estrutura; ao mesmo tempo, son importantes os apoios das vigas nos muros.

## As medianeiras e as fachadas

### 13. Como son?

Os edificios tradicionais do noso contorno están construídos con potentes muros de pedra que forman as medianeiras e as fachadas. Son a estrutura dos edificios e neles apóianse as estruturas de madeira dos pisos e o tellado. Estes muros, compostos de pedras colocadas con intelixencia e trabadas con cal e, excepcionalmente, formados por grandes pezas de pedra talladas, son a parte "eterna" do noso patrimonio construído.

### 14. Pódense alterar?

Hai que ter sempre en conta que son a estrutura do edificio. Abrir ocos nos muros ou rozalos para introducir instalacións significa danar a súa solidez e comprometer a súa estabilidade, polo que, á hora de realizar melloras nas vivendas e edificios, debemos respectar a súa integridade sen alteralos. Hai que considerar as instalacións, que son moi necesarias, como mobles e poñelas de xeito non agresivo. Os sistemas tradicionais de construción son compatibles coa vida moderna e as súas esixencias.

### 15. Como se coidan?

Aínda que estea de moda eliminar as revocaduras ou recibos sobre os muros deixando toda a pedra á vista, os recibos de cal e area son a súa mellor protección contra as inclemencias do tempo (vento ou choiva) ou da vida cotiá (rozaduras ou golpes). As revocaduras colaboran tamén na estabilidade dos muros feitos de cachotería. Alá onde fosen eliminados deben ser repostos, de cal e area, para protexer os muros.